

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXUAL, TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E EXPLOTACIÓN SEXUAL, ASI COMO DE APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS, PREFERENTEMENTE ENTRE MULLERES INMIGRANTES RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Médicos do Mundo para o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Dado que a entidade Médicos do Mundo é unha entidade integrante da Rede Galega contra a Trata con acreditada experiencia na atención directa ás vítimas, entrada nos clubs e pisos nos que se exerce a prostitución e onde se teñen detectado vítimas de trata con fins de explotación sexual, e amosa ademais colaboración estable con todas as entidades que integran a Rede, coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no caso de redadas policiais e asistencia ás vítimas e coas administracións públicas, a Consellería de Política Social e Igualdade, estima oportuno asinar un convenio con esta entidade, para o financiamento das accións previstas no convenio, cuxa finalidade é a de informar e previr nas mulleres vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata con fins de explotación sexual e mulleres en contextos de prostitución, maioritariamente inmigrantes, casos de violencia de xénero e violencia sexual, apoialas nos gastos de primeira



necesidade, á vez que desenvolven accións de formación e/ou sensibilización dirixidas a toda a cidadanía.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención, sensibilización da violencia sexual e trata, así como no apoio ás vítimas desta violencia, preferentemente inmigrantes, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas con acreditada experiencia nesta temática.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

